

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

352 *Corrección de erros do Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.*

Advertidos erros no Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 315, do 31 de decembro de 2011, procédese a efectuar as seguintes correccións:

Preámbulo

Páxina 4:

No penúltimo parágrafo, onde di: «... medidas, introduce...», debe dicir: «... medidas, que introduce...».

Páxina 5:

No penúltimo parágrafo, onde di: «196.043.560 euros», debe dicir: «196.043.560 miles de euros».

Páxina 6:

Despois do último parágrafo do preámbulo e antes do capítulo I debe dicir: «Na súa virtude, facendo uso da autorización prevista no artigo 86 da Constitución española, por proposta dos ministros de Defensa, de Facenda e Administracións Públicas, de Interior, de Fomento, de Educación, Cultura e Deporte, de Emprego e Seguridade Social, de Economía e Competitividade e de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e logo de deliberación do Consello de Ministros do día 30 de decembro de 2011,

DISPOÑO:»

Artigo 2

Páxina 7:

No artigo 2.Sete, onde di: «Os números un, dous e tres deste artigo teñen carácter básico e dítanse ao abeiro dos artigos 149.1.13.^a e 156.1 da Constitución», debe dicir: «Os números un, dous, tres e catro deste artigo teñen carácter básico e dítanse ao abeiro dos artigos 149.1.13.^a e 156.1 da Constitución».

Artigo 3

Páxina 8:

No artigo 3, número cinco, letra D, onde di: «As Forzas Armadas en relación coas prazas de militares de carreira e militares de complemento de acordo co previsto na Lei 39/2007, do 19 de novembro, de carreira militar, e sen prexuízo do disposto no artigo seguinte», debe dicir: «As Forzas Armadas en relación coas prazas de militares de carreira e militares de complemento de acordo co previsto na Lei 39/2007, do 19 de novembro, de carreira militar».

Páxina 8:

No artigo 3.Seis, onde di: «Os puntos un e dous deste artigo teñen carácter básico e dítanse ao abeiro dos artigos 149.1.13.^a e 156.1 da Constitución.», debe dicir: «Os puntos un, dous e cinco deste artigo teñen carácter básico e dítanse ao abeiro dos artigos 149.1.13.^a e 156.1 da Constitución.».

Disposiciones adicionales

Páxina 38:

Na disposición adicional segunda, número un, onde di: «... Ministerio de Cultura...», debe dicir: «... Ministerio de Educación, Cultura e Deporte...».

Páxina 39:

Na disposición adicional terceira, no número un, 3.^a e 6.^a onde di: «... Estado para 2011...», debe dicir: «... Estado para o ano 2011...».

Páxina 40:

Na disposición adicional terceira, no número tres, onde di: «... incluídas no punto anterior», debe dicir: «... incluídas nos puntos un e dous anteriores».

Na disposición adicional cuarta, número dous, onde di: «Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais», debe dicir: «Dirección Xeral de Coordinación de Competencias coas Comunidades Autónomas e as Entidades Locais».

Na disposición adicional sétima, onde di: «... e practicarase a liquidación definitiva antes do 30 de abril de 2013.», debe dicir: «... e practicarase a liquidación definitiva antes do 30 de abril de 2014.».

Páxina 41:

Na disposición adicional décimo segunda, onde di: «... nos artigos 26.2.a) 3.^o e 4.^o da...», debe dicir: «... nos artigos 12 e 26.2.a) da...». Igualmente, onde di: «... e 113.1.3.^o do texto refundido...», debe dicir: «... e 113.1 do texto refundido...». Finalmente, onde di: «... consideraranse pagamentos á conta realizados e soportados polos contribuíntes os que se terían practicado se non resultase de aplicación o gravame complementario á cota íntegra estatal para a redución do déficit público establecido na disposición derradeira segunda deste real decreto lei.», debe dicir: «... a recadación líquida derivada da aplicación do gravame complementario á cota íntegra estatal para a redución do déficit público establecido na disposición derradeira segunda deste real decreto lei non se terá en conta para a determinación do rendemento cedido e da súa entrega á conta.».

Páxina 42:

Na disposición adicional décimo terceira, onde di: «... dentro do período comprendido entre o día 15 de febreiro de 2012 e o día 15 de agosto de 2012», debe dicir: «... dentro do período comprendido entre o día 16 de febreiro de 2012 e o día 15 de agosto de 2012».

Na mesma disposición adicional décimo terceira, no terceiro parágrafo, onde di: «... no Real decreto lei 1/2011, do 11 de febreiro, nin as que esgotasen...», debe dicir: «... no Real decreto lei 1/2011, do 11 de febreiro, incluída a súa prórroga, prevista no artigo 6 do Real decreto lei 10/2011, do 26 de agosto, nin as que esgotasen...».

Páxina 42:

Queda sen contido a disposición adicional décimo sexta por duplicidade coa disposición adicional décimo terceira.

Disposicións derradeiras

Páxina 53:

Dentro da disposición derradeira segunda, o sexto parágrafo da páxina figura á parte do ordinal segundo, cando debe figurar a continuación deste.

Páxina 55:

Dentro da disposición derradeira segunda, o quinto parágrafo da páxina figura á parte do ordinal terceiro, cando debe figurar a continuación deste.

Páxina 60:

Queda sen contido a disposición derradeira décimo segunda por duplicidade coa disposición derradeira sétima.

Na disposición derradeira décimo terceira, onde di: «Instituto Español de Crédito Exterior», debe dicir: «Instituto Español de Comercio Exterior».

Páxina 61:

Na disposición derradeira décimo sexta, debe eliminarse o último parágrafo.

Páxina 62:

Na disposición derradeira décimo sétima, na letra b) do número un do artigo 49, nos seus parágrafos segundo e terceiro, onde di: «... ministro de Economía e Facenda...», debe dicir: «... ministro de Economía e Competitividade...».

Páxina 63:

Na disposición derradeira décimo sétima, no último parágrafo, onde di: «... Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira...», debe dicir: «... Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira...».

Anexos

Páxina 65:

No anexo I, no cadro relativo aos grupos e subgrupos da Lei 7/2007, onde di: «A₁, A₂, C₁ e C₂», debe dicir: «A1, A2, C1 e C2».

Páxina 70:

No anexo I, primeiro cadro, terceira liña de cifras, na contía mínima para titular con 65 anos procedente de grande invalidez, con cónxuxe non a cargo, onde di: «7.658,00», debe dicir: «12.327,00».

No anexo I, primeiro cadro, cuarta liña de cifras, na contía mínima para titular de grande invalidez, con cónxuxe non a cargo, onde di: «13.327,00», debe dicir: «12.327,00».

Páxina 72:

No anexo I, onde di: «A. CONTÍAS ACTUALIZADAS DE...», debe dicir: «B. CONTÍAS ACTUALIZADAS DE...».